


1º

CAMPIONATO GALEGO ROGAINE



CLUB ORIENTACIÓN PASATEMPO
BETANZOS 17 NOVEMBRO 2018



BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

CLUB ORGANIZADOR: CLUB O PASATEMPO - Betanzos

- **Director da Proba: Fran López Costoya**
- **Coordinador de Seguridade: Josechu Roel Vázquez**
- **Cartografía e percorridos: David Casado Bravo**
- **Revisión do mapa, trazados e balizado: David Casado Bravo, Alberto Taboada Pintor, Fran López Costoya e Mar Delgado**
- **Sportident: Antonio Ciorraga Osorio**
- **Xuíz controlador: Mónica Figueroa**

DATOS DO MAPA

MAPA 1 (score urbano): Mapa do casco urbano de Betanzos elaborado a partir do mapa urbano de Francisco Diz

MAPA 2 e 3: (1:10000) :Mapa de Betanzos (casco urbano e NE do concello de Betanzos, Paderne e Irixoa).

Elaborado por David Casado Bravo no 2018.

O mapa do da proba pensado nun principio para unha proba modalidade rogaine (escala 1:20000 ou 1:15.000 e equidistancia 10 m), a medida que se realizaba o traballo de campo vimos que a estas escalas se perdía a capacidade de representar zonas con gran cantidade de detalle, polo que ao

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

final para sacarlle o máximo partido a zona realizouse en escala 1:10000 mantendo a equidistancia inicial de 10m.


A zona da proba é unha mostra de diversos paisaxes galegos. A amplitude da área traballada (22.7 km²) fai que ao longo dos distintos percorridos os participantes teñan que enfrontarse a multitude de terreos, zonas semiurbanas (en especial nas proximidades de Betanzos) nas que deberán realizar unha lectura moi fina do mapa para poder identificar os pequenos pasos, áreas de bosques diversas, en xeral con alternancia de pequenas parcelas de bosque de eucalipto, piñeiros e autóctonos nas que será de gran importancia seleccionar as zonas limpas de maleza das mais sucias (fundamentalmente fieitos salpicadaos de zarzas e algunha zona de toxo) que poden dificultar e ralentizar o tránsito, ademais de zonas de pradarias intercaladas e cultivos.

En xeral é unha zona na que a pegada das actividades humanas marcan as características do mapa: límites de vexetación, muros, ampla rede de sendas, , pequenos cortados e depresións... pero que nalgúñas zonas alternarán con espazos naturais de bosque autóctono e regatos. No referente ao desnivel, en xeral existe un desnivel tendido ascendente cara o leste, sen grandes detalles o cal fixo que mantivéramos a equidistancia de 10m que permite unha lectura clara da curva de nivel, matizada onde foi necesario con curvas de nivel auxiliares.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018


Os deportistas en categoría de open terán a zona impresa nunha folla A3 e para os percorridos oficiais en 2 follas A3. Nesta segunda folla existe un cambio na xeoloxía do terreo pasándose das zonas sedimentarias a graníticas o cal fará que os participantes poidan desfrutar de novos elementos como son rochas, muros de pedra así como un cambio de vexetación nalgunhas zonas coa aparición de queirugas na vexetación baixa.



Mostra dunha zona do mapa 1 no que pode observarse a enorme profusión de detalles e alta fragmentación das parcelas.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018



En zonas do mapa 2 os corredores atoparanse con novos elementos como son a aparición de rochas no terreo.

OBSERVACIÓNS SOBRE A CARTOGRAFÍA

Estradas:

A maioría das estradas do mapa están marcadas co símbolo 503 (estrada menor de 5 m). So aparecen marcadas co símbolo 502 (estrada ancha). Dado que existen estradas con variacións da anchura ao longo de moitos tramos, xeralizouse o uso deste símbolo en toda a estrada usando o 502 para estradas de categoría provincial ou superior (N- 561, DP-0505 e 0506) e outras municipais que claramente superan os 5 m.



Estrada símbolo 503
(corresponden moitas veces a estradas
asfaltadas moi estreitas)

Estrada símbolo 502,
estrada principal,
precaución no seu cruce e
ollos aos tramos prohibidos
e pasos obrigatorios

BOLETÍN 2


I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRE

DO 2018

508 Senda rodadura: usada no caso de sendas pouco marcadas deixadas por vehículos agrícolas ou sendas de vehículos ben marcadas pero nas que crece a vexetación polo medio. O tránsito por estas sendas virá marcado polo tipo de terreo sobre o que estean debuxadas.

507: Sendeiro pouco visible: marcan sendeiros pouco visibles ou que se poden perder en tramos. O cambio de vexetación do outono fai que algúns destes sendeiros nas últimas semanas sexan mais claros ou incluso a aparición de novas sendas pouco marcadas.



Vexetacións:

Estarán representadas polos símbolos

401 terreo aberto

403 terreo aberto basto, a su vez esta poderá ter a trama:

407 vexetación baixa con boa visibilidade de carreira lenta: representada normalmente por fieitos ou herba alta que pode ralentizar ou dificultar o paso

409 vexetación baixa con boa visibilidade de carreira difícil: neste caso a existencia dunha alta densidade de fieitos ou presenza de silvas nas que é fácil enredarse dificultan o paso dos corredores. Neste último caso son áreas moi difíciles de atravesar que non son recomendadas para o tránsito. Non se representaron cos símbolos de carreira moi difícil (410) ou infranqueable (411) xa que en moitos casos a vexetación está formada por fieitos e silvas, sendo o tránsito moi condicionado pola época do ano (no mes actual estanse a secar fieitos e silvas mellorando moito o tránsito) ou polo paso previo de animais ou persoas que pode abrir unha senda e as ganas do deportista de pelexar coa vexetación.

BOLETÍN 2


I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018

Carreira moi difícil (410) ou infranqueable (411) : aínda que se podería atopar algún paso, son zonas non aptas para o tránsito en especial pola presenza de arbustos con pinchos que poden causar lesións nos deportistas.

412 Terra cultivada: en xeral son zonas coa presenza de cultivos ou recen aradas polo que os corredores non deberán acceder a elas ou de facelo respetando os cultivos circulando polo límite do cultivo. Nesta época estase a recoller o millo, e plantar novos cultivos, e na área utilízase moito a rotación de cultivos deixando descansar fincas, polo que podería haber cambios debido a actividade agrícola entre os símbolos 401, 403 e

413: Horta: usada para a plantación de árbores ou arbustos cun patrón regular.

520: Propiedade privada (área prohibida): xeralmente son zonas claramente urbanizadas aínda que tamén están representados xardíns. Isto non quere dicir que non se teña que respectar outros xardíns e outras áreas privadas nas que os corredores vexan un claro uso privado. En moitas destas zonas se omitiron vallas e muros periféricos para facilitar a interpretación de símbolos próximos como camiños..



Na época actual do ano outono, e especialmente na última semana produciuse unha gran variación da vexetación.

Concretamente pola chegada do outono estanse a secar moito os feitos e as silvas, unido as abundantes chuvias e ventos fortes, fixo que en moitas zonas se tumbara vexetación sendo fácil abrir vías por zonas que fai 15 días eran moi difíciles ou imposible de transitar.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

405 Bosque aberto fácil de correr: ao igual que o terreo aberto poderá ter trama 407 e 409 se a vexetación baixa limita a carreira , sendo lenta ou difícil respectivamente. Polo xeral estes tramas aparecen en bosques de eucalipto coas árbores plantadas regularmente e espazadamente onde proliferaron fieitos e silvas en distinto grao. No caso da trama 409 vexetación baixa difícil ao igual que no terreo aberto a existencia dunha alta densidade de fieitos ou presenza de silvas nas que é fácil enredarse son áreas moi difíciles de atravesar que non son recomendadas para o tránsito.


406 Bosque carreira lenta: normalmente representan áreas de bosque autóctono (aínda que tamén foi usada para algunha plantación de eucaliptos moi xuntos). Neste caso existe unha alta densidade de arbolado que dificulta a visibilidade e ralentiza algo a carreira pero con boa penetrabilidade (non existe ou non é moi abundante a vexetación baixa).

408: Vexetación carreira difícil: neste caso se han representado bosques nos que se une unha alta densidade de árbores e vexetación baixa (toxos e silvas). Son zonas de progresión moi difícil que debería evitar o deportista. En moitos casos non se utilizou o símbolo de vexetación difícil ou impasable pola posibilidade de atopar sendas de animais, ou zonas de densidade de vexetación variable na que existan intercaladas áreas máis transitables con outras difíciles.. (Ao igual que no caso de terreo aberto con vexetación baixa de carreira difícil non deberían ser valoradas como opcións para a carreira salvo que se trate de franxas de pouca anchura.)

Para os símbolos 406 e 408 cando exista un patrón de carreira que se facilite nunha dirección se pintará un patrón de liñas brancas e verdes que amosen a dirección de carreira favorable.

404: Terreo basto aberto con alcores dispersos: representan normalmente zonas de tala nas que quedaron árbores dispersos, ou repoboación con árbores de crecemento dispar. No caso de existir tramas de vexetación baixa poden ser restos de ramas e troncos talas.

BOLETÍN 2



Bosque con
vexetación baixa
difícil de transitar
(non
recomendada)

Bosque con
vexetación baixa
carreira lenta)

Muros e surcos : hai zonas onde existen unha ampla rede de muros, en xeral son muros moi pouco

Nalgúns casos dous muros limitan un espazo no que incluso pode existir unha senda. Nos casos nos que non foi



BOLETÍN 2


I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRE DO 2018

ZONA DE CONCENTRACIÓN, ACCESOS, APARCADOIROS, DUCHAS,
CHAN DURO, GARDARROUPA E OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

CENTRO DO EVENTO: Praza da Constitución de Betanzos, diante do
Concello.



- **DUCHAS**: de auga quente no IES As Mariñas (ver plano) en horario de 14 a 18h30.



BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018

- Haberá servizo de GARDARROUPA ao lado da Secretaría. Facilitarase unha bolsa por equipo para que metan todas as pertenzas, pecharase e marcaras co número do equipo.

EQUIPOS

De entre 2 e 5 compoñentes do mesmo club, de diferente club ou con licenza de proba. *Para optar ao Campionato Galego nalgunha categoría o equipo deberá estar formado por orientadores con licenza federativa en vigor por un Club Galego.

Cada compoñente de equipo recibirá un xogo de mapas.

CATEGORÍAS ROGAINE 6 HORAS - I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE

1. Absoluta Masculino	Sen límite de idade
2. Absoluta Feminino	Sen límite de idade
3. Absoluta Mixto	Sen límite de idade
4. Veteranos Masculino	Cumprir 40 anos ou máis no 2018
5. Veteranos Feminino	Cumprir 40 anos ou máis no 2018
6. Veteranos Mixtos	Cumprir 40 anos ou máis no 2018
7. Superveteranos Masculino	Cumprir 55 anos ou máis no 2018
8. Superveteranos Feminina	Cumprir 55 anos ou máis no 2018

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018

- | | |
|-------------------------|---|
| 9. Superveteranos Mixto | Cumprir 55 anos ou máis no 2018 |
| 10. Junior Masculino | Cumprir 20 anos e non menos de 18 no 2018 |
| 11. Junior Feminino | Cumprir 20 anos e non menos de 18 no 2018 |
| 12. Junior Mixto | Cumprir 20 anos e non menos de 18 no 2018 |

*Para optar ao Campionato Galego é necesario que tódolos compoñentes do equipo teñan licenza en vigor por un club Galego.

CATEGORÍAS OPEN E OPEN MENORES ROGAINÉ 3 HORAS

- | | |
|------------------|--|
| 13. Open | Masculino, Feminino ou Mixto que cumpran 18 anos ou máis no 2018 |
| 14. Open Menores | Masculino, Feminino ou Mixto que cumpran no 2018 entre 14 e 17 anos e ten que ir un adulto obrigatoriamente. |

DATA E HORARIOS

Sábado 17 de novembro.

- 9,00 a 10,20 recollida da bolsa de equipo e de SI Card de aluguer. A bolsa terá: 1 dorsal (que o equipo terá que colgar nunha mochila dun dos corredores e que terán que devolver á chegada), 1 brida para o dorsal, 3 vales por compoñente (callos, chocolate e cervexa).

Tamén poderase pedir a mostra do material obrigatorio ****NON**

OLVIDARSE DO MATERIAL OBRIGATORIO

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

Non esquezaes levar tamén bolígrafos ou rotuladores para marcar, si queredes o voso percorrido.


- 10,45 tódolos equipos no arco de saída/meta
- 11,00 saída neutralizada minuto 0 (percorrido de 500 mts)
- 11,05 aprox. recollida dos mapas ao paso pola praza
- 14,00 peche de meta para a categoría Open e Open Menores
- 17,00 peche de meta para o resto de Categorias
- 17,30 peche da proba

PROCEDIMENTO DA SAÍDA, CORTES HORARIOS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

- Ás 10,45 tódolos equipos situaranse tralo arco de saída/meta
- Ás 11,00 darase unha saída neutralizada seguindo ao vehículo da organización (500 mts). MINUTO 0
- Ás 11h05 aprox. pasarán de novo pola praza e os equipos colleran os seus mapas que estarán colgados e numerados, por orde, co seu número de dorsal (**HABERÁ UN XOGO DE MAPAS POR COMPOÑENTE DE EQUIPO EN PAPEL RESISTENTE Á AUGA E Á ROTURA, SALVO O URBANO QUE SERÁ EN PAPEL SATINADO)

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINE BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRE DO 2018



- Os equipos poderán pararse a preparar o percorrido ou comenzar a proba, segundo a súa estratexia.
- **MOI IMPORTANTE:** AS BALIZAS DO MAPA URBANO (DA 10 Á 24) ESTARÁN ACTIVAS, ESTO É, SERÁ VALIDA A SUA PICADA, DE 11H A 11H35', NOS PRIMEIROS 35'.
TÓDOLOS EQUIPOS QUE DECIDAN PICAR ALGUNHA BALIZA URBANA DEBERÁN DESCARGAR E LIMPAR AS SUAS PINZAS EN SECRETARÍA ANTES DE SAÍR AO RESTO DA PROBA, ESTO É, TEÑEN QUE PASAR OBRIGATORIANENTE POLA PRAZA DE NOVO.
NA ZONA DE DESCARGA PODERANSE ACUMULAR EQUIPOS E NON HABERÁ NEUTRALIZACIÓN, POLO QUE FORMARÁ PARTE DA

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018

ESTRATEGIA COMO EMPREGAR ESTE TEMPO, PÓDESE, POR EXEMPLO, UTILIZAR PARA A PREPARACIÓN DO SEGUINTE TRAMO. SI ALGÚN EQUIPO DECIDE NON PICAR NINGUNHA BALIZA URBANA (DA 10 Á 24) PODERÁ SAÍR DIRECTAMENTE AO RESTO DA PROBA.

- OLLO AOS PASOS OBRIGATORIOS NO CRUCE DE ESTRADAS NA SAÍDA E ENTRADA DE BETANZOS.
- PUNTUACIÓN DAS BALIZAS: O VALOR DAS BALIZAS SERÁ O SEU CÓDIGO SEN O ÚLTIMO DÍXITO (P.E. 40=4 PTOS, 100=10 PTOS, 15=1 PTO...)

- CLASIFICACIÓN: PUNTOS OBTIDOS MENOS PENALIZACIÓNS

****PARA QUE AS BALIZAS SEXAN VÁLIDAS DEBERÁN ESTAR PICADAS POR TÓDOLOS COMPOÑENTES DO EQUIPO. EN NINGÚN CASO UN CORREDOR PODERÁ DESPRENDERSE DA PINZA, ESTO É, QUE SEXA UN COMPAÑEIRO O QUE LEVE A SUA PINZA, SERÁ MOTIVO DE DESCALIFICACIÓN.**

PENALIZACIÓNS

- Do minuto de 00:00 ao 10:00 pérdese 1 punto por cada minuto ou fracción.
- Do minuto 10:01 ao 20:00 pérdense 5 puntos por cada minuto ou fracción.
- A partir do minuto 20:00 perderanse todos os puntos.
- No caso de empate: o equipo que chegou a meta en menos tempo (o último integrante é o que marca o tempo do equipo)
- Se o empate continúa: o equipo que visitou máis controis.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRE

DO 2018

-Sección score urbano: Percorrido de orientación urbana polo casco vello de Betanzos (tódalas categorías).

Mapa	Balizas	Distancia
Betanzos casco antigo Tamaño: folia A4 Escala 1:4000 Equidistancia 5m	15	2000m apox

-Sección ROGAINÉ 6h categorías oficiais

Mapas	Tempo	Balizas máximo	Distancia óptima	Desnivel
1 - Terras Mandeo Lambre NO 2 - Terras Mandeo Lambre centro 2 mapas tamaño A3 Escala 1:10.000 Equidistancia 10 m	6h en total dende a saída neutralizada (tempo sen penalización)	45	33 km	1100 m

Ambos mapa posuirán unha zona común onde se solapan marcada cunha liña maxenta discontínua

-Categorías open 3h:

Mapas	Tempo	Balizas máximo	Distancia óptima	Desnivel
1 - Terras Mandeo Lambre NO 1 mapas tamaño A3 Escala 1:10.000 Equidistancia 10 m	3h en total dende a saída neutralizada (tempo sen penalización)	29	18,5 km	580 m

ENTREGA DE TROFEOS

Ao remate da proba aos 3 primeiros de cada categoría do Campionato Galego de Rogaine e os gañadores das Categorías Absolutas, Open e Open Menores.

INSCRIPCIONS

- DATA LÍMITE: domingo 11 novembro ás 23h50´

- CÓMO?:

1. Cubrindo o formulario de inscrición que atoparase colgado na web da FEGADO.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018

2. Aboando o importe correspondente á inscrición e, se é o caso, ao aluguer de sportident e licenza de proba, no número de conta do Club O Pasatempo (BBVA - ES4201820612770201556468) poñendo como concepto o nome do equipo+CG Rogaine.

3. Enviando o formulario debidamente cuberto e o xustificante de pago a clubopasatempo@gmail.com

PREZO DAS INSCRIPCIÓNS

- Federados maiores de 18 anos: 15 euros
- Federados menores de 18 anos: 8 euros
- Non Federados maiores de 18 anos: 19 euros
- Non Federados menores de 18 anos: 12 euros
- Aluguer de Tarxeta Sportident: 3 euros (*30euros a aboar en caso de perda)

ASPECTOS BÁSICOS DO REGULAMENTO DA PROBA E OUTRAS NORMAS

- Equipos de 2 a 5 persoas (ver categorías).
- Duración da proba: 6 horas.
- Os menores entre 14 e 17 anos poden participar na categoría Open Menores acompañados dun adulto.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO DO 2018

- A duración máxima é de 6h20', penalizando puntos ao pasar das 6h (3h20' horas para as categorías Open, penalizando puntos ao pasar das 3h).
- No caso de que no lugar definido no mapa non se atope a baliza, e só neste caso, poderase acreditar o paso para ela cunha foto do lugar en que está presente un dos membros do equipo, permitíndose o encendido do teléfono para dita foto e sendo obrigatorio o apagado posterior.
- Tódolos membros do equipo permanecerán sempre xuntos permitindo unha separación máxima entre eles de 20 metros, e unha diferenza máxima nas picada da estación de control de 1 min. entre o primeiro e último compoñente do equipo.
- A clasificación establécese de acordo cos seguintes parámetros:
- Puntos obtidos. Suma dos valores dos controis visitados menos penalizacións pola chegada tarde á meta.
- Haberá puntos de aprovisionamento de auga ao longo do percorrido, debidamente marcados no mapa.

SEGURIDADE

MATERIAL OBRIGATORIO

- Por participante: tarxeta SportIdent* precintada, mochila, asubío, comida enerxética para a proba, recipiente de hidratación, roupa que

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

cubra todas as pernas, cortaventos e zapatos ou botas con soleira suficientemente gravada.

- Por equipo: teléfono móbil con cámara, manta térmica, botiquín de urxencia (venda, Compeed ou similar, puntos de sutura rápida, vaselina ou similar, compresas estériles, esparadrapo e antiséptico).
- A falta de algún elemento de seguridade do equipo poderá supoñer a descualificación do mesmo.
- Os membros dun equipo intentarán non separarse no caso de que un dos compoñentes sufra un accidente ou incidente que o impida moverse. O accidentado poderá quedar só no caso de que a devandita acción non agrave a súa situación e co único propósito de solicitar axuda.
- Calquera participante está obrigado a axudar aqueles que, estando en perigo, o soliciten. A negativa de asistencia levará á descualificación do equipo, sen prexuízo da posible responsabilidade penal que poida xurdir. Se se constatou que o equipo solicitante non tiña motivos suficientes para pedir axuda, poderían ser penalizados ou descualificados. O equipo que presta axuda poderá compensarse polo tempo perdido.

* Capacidade pinzas sportident: Lembrar que os participantes de modalidade open terán un percorrido con 15+29 balizas polo que poderán usar a tarxeta Sport Ident CARD 8. Para os percorridos oficiais (cun

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

número de balizas 15+45) deberán participar cos modelos Sport Ident CARD 9, 10 ou SIAC1.

Roupa e calzado:

Os participantes desenvolverán a proba por un percorrido mixto, asfalto, pistas terra, sendas e bosques, nalgúns casos con zonas de pendente, polo que é importante levar un calzado que se adapte ben a unha proba de larga distancia e que asegure o agarre tanto en asfalto como no monte. Nun principio a predicción non da chuvia para o día 17 pero co terreo mollado podería haber zonas resbaladizas tanto no monte como na zona periurbana, existen balizas situadas en zonas semiurbanas cerca de cursos fluviais que coa humidade poden ser perigosas.

O trazado da proba permite discorrer por zonas con pouca vexetación, pero non é infrecuente a existencia de arbustos dispersos ou silvas que poden invadir algunha senda coas que é fácil arañarse. Ademais en certos puntos atravesar zonas con vexetación pode ser unha elección de ruta polo que recoméndase cubrir as pernas completamente.

Zonas de especial precaución:

Estradas:

Na zona da proba existen varias estradas asfaltadas, a maioría son estradas municipais, estreitas e con pouco tráfico, pero a pesar de ser escaso, existente, polo que os corredores deberán circular polas

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

estradas pegados ao marxe esquerdo e respetando as normas de circulación vial. Non obstante os trazados están pensados para discorrer na maioría da proba por sendas e camiños.

Nacional 651

Limita a área de competición polo lado Oeste. Esta prohibido usar esta vía para a competición (Sinalado no mapa con X maxenta). Para cruzala á saída de Betanzos deberá realizarse polo paso subterráneo (marcado no mapa) entre as balizas 31 e 32.

Estrada DP - 0905

Dita estrada aparece como o límite sur dos mapas do rogainé, transcurrido a proba deportiva fora da súa área, polo que aparecerá marcada no mapa como zona prohibida.

So na saída/chegada de Betanzos para o rogainé haberá que cruzala, para o cal existe marcado un paso obrigatorio, a altura dun paso de ceбра regulado por semáforo. Os participantes deberán respetar a sinalización de dito semáforo e cruzar so con él en verde (A proba é larga e poden aproveitar esa paradiña para estudar o percorrido, ou recuperar forzas)

Estrada DP - 0906

Esta estrada percorre á zona de competición de SO a NE, afectando a ambos mapas. É unha vía con menos tráfico, e os trazados están

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

pensados para que non sexa utilizada polos participantes pero que pode ser necesario cruzala durante a proba. Novamente deberán os participantes para o seu uso respectar as normas de circulación vial.

Puntos de refuxio:

Ainda que para o día 17 a predicción meteorolóxica é favorable, dado as condicións da proba (distancia, época do ano) a organización decidiu marcar nos mapas varios establecementos de hostalería existentes dentro do mapa para que poidan servir de punto de avituallamiento e refuxio dende os que pedir auxilio e esperar á organización no caso de indisposición ou accidente. Estas zonas aínda que non existirá permanentemente persoal de organización serán marcadas no mapa coa cruz de posto de primeiros auxilios, xa que dado a súa cercanía as dúas estradas mencionadas (DP- 0905 e DP- 0906 permiten unha rápida atención e refuxio ata a chegada da asistencia aos participantes).

Zonas de especial precaución:

A organización detectou dúas zonas nas que os participantes deberán ter especial atención para evitar accidentes. Todas no mapa 2.

Baliza 90: situada cerca dun cortado de varios metros.

Baliza 91: a chegada e saída e por un bosque no que existen surcos lineais de plantación.

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRO

DO 2018

Estas zonas se marcaron no mapa cun triángulo en maxenta para indicvar precaución.

Cercas e vallas:

En varias zonas pola existencia de gando poden existir vallas e cancelas pechando os camiños. Os corredores deberán respectar estas estruturas cruzándoas sen causar danos nelas e pechando as cancelas no caso de ser necesario abrílas.

OUTROS ASPECTOS DE INTERESE

- **GARDAROUPA**: na zona de Secretaría/Saída, os equipos poderán deixar nunha bolsa co seu número as pertenzas que desexen e recollelas ao rematar a proba.
- Haberá un Pabillón habilitado con servizos e duchas para pernoctar a noite do venres, con colchonetas.
- Duchas para tódol@s participantes ao remate da proba (IES As Mariñas de 14h a 18h30)
- Avituallamento á chegada a meta.
- Callos e chocolate para tódolos participantes.
- Percorrido de orientación polo casco urbán de Betanzos para os acompañantes

TODOS ESTOS SERVIZOS SON GRATUITOS

BOLETÍN 2

I CAMPIONATO GALEGO DE ROGAINÉ

BETANZOS - SÁBADO 17 DE NOVIEMBRE

DO 2018

ORGANIZADORES



CLUB O PASATEMPO



CONCELLO DE BETANZOS

INSTITUCIONES



CONCELLO DE PADERNE



CONCELLO DE IRIXOA



COLABORADORES

